

PROGRAMACIÓN ESA

ÁMBITO COMUNICACIÓN
(LINGUA GALEGA E LINGUA CASTELÁ)

CURSO 2023–24

EPAPU Albeiros

ÍNDICE

1	Aspectos xerais da programación (páx 4)
2	Contexto (páx 4)
	Características do centro e do alumnado.
	Obxectivos adaptados ao contexto
3	Secuenciación e temporalización (páx 11)
	Secuenciar e temporalizar os contidos por unidades e /ou proxectos
4	Relacionar para cada unidade: (páx 27)
	Contidos, criterios de avaliación, competencias clave e estándares
5	Metodoloxía didáctica: (páx 38)
	Estratexias metodolóxicas
	Outras decisións metodolóxicas: agrupamentos, tempos, espazos, materias, recursos
6	Avaliación (páx 41)
	Avaliación inicial
	Procedemento para a avaliación inicial
	Criterios para a acreditación de coñecementos previos, no seu caso. (Bacharelato)
	Avaliación continua
	Procedemento para a avaliación continua : Número e tipo de exames e outras probas que se valorarán
	Criterios de cualificación: Valoración dos exames, traballo diario, interese na aula, etc.
	Elaboración da nota media
	Recuperación dunha proba ou exame
	Recuperación dunha avaliación
	Avaliación final
	Quen debe ir á avaliación final?
	En que consistirá a proba?

	Que estándares sa van avaliar?: os das avaliacións pendentes, todos, ...	
	Como se elabora a cualificación final?: Ponderación, redondeos, etc?	
	Que criterios segue o centro para a promoción?	
	Avaliación extraordinaria	
	Procedementos para a avaliación extraordinaria: características da proba escrita	
	Materias pendentes de cursos anteriores	
	Procedemento para o seguimento e avaliación das materias pendentes: Traballo, probas, etc.	
	Criterios de cualificación: valoración de traballos, probas escritas, outras.	
	Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente	
	Indicadores de logro da planificación e do proceso de ensino	
	Indicadores de logro da práctica docente	
	Avaliación da programación didáctica	
	Indicadores de logro sobre a programación didáctica	
7	Atención á diversidade (páx 46)	
	Medidas ordinarias: Organizativas	
	Medidas ordinarias: Curriculares	
	Medidas extraordinarias: Organizativas	
	Medidas extraordinarias: Curriculares	
8	Actividades complementarias e extraescolares 47)	(páx
9	Datos do departamento (páx 48)	

1. Aspectos xerais da programación

As linguas son instrumentos de comunicación e de interacción social, de conservación e transmisión de coñecemento, de participación cidadá na vida social, de investigación, creación, experimentación e descuberta. Asemade, achégannos ao xeito de vida e ás formas de pensamento doutros pobos e dos seus patrimonios culturais, favorecendo a competencia plurilingüe e intercultural.

A aprendizaxe lingüística non pode ser un fin en si mesma; unha lingua non se aprende para falar, ler ou escribir sobre ela, senón para falar, ler e escribir sobre o mundo, como medio das relacións interpersoais e recoñecemento do outro, motor do noso pensamento e das nosas reflexións, e porta de acceso ao coñecemento. Deste xeito, a lingua é non só unha parte importante da cultura senón tamén o medio de acceso ás manifestacións culturais e o instrumento co que a cultura se crea, se interpreta e se transmite.

Esta programación inclúe os aspectos básicos do currículo das materias de lingua galega e literatura, lingua castelá e literatura e lingua estranxeira. Nesta programación preséntanse as directrices a seguir durante este curso 2023-24, nunha proposta integrada das dúas linguas primeiras (galega e castelá) conxuntamente, xa que así se favorece o tratamento metodolóxico de orientación comunicativa entre as diversas linguas e o estudo coordinado das dúas linguas oficiais para conseguir unha competencia plena en ambas as dúas. Aínda así, dende o departamento considérase que o alumnado acadaría os obxectivos de cada unha delas máis correctamente se se analizase cada lingua por separado, sen estar incluídas tres nun mesmo ámbito.

Tal como propón, o obxectivo fundamental é desenvolver as competencias comunicativas das persoas adultas coa finalidade de posibilitarlles unha inserción activa e responsable na sociedade e, asemade, contribuír ao seu desenvolvemento persoal.

2. Contexto

2.1. Contexto do centro

- **Características do centro**

O centro para o que se crea esta programación denomínase oficialmente EPAPU Albeiros. EPA Lugo. É un centro de cidade, situado dende o ano 2002 no Parque da Milagrosa s/n, en Lugo. Ten titularidade pública e depende da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

Centros adscritos

Na cidade de Lugo é o único centro de adultos existente e, polas nosas características, non temos centros adscritos.

Ensinanzas que oferta o centro

- Educación Secundaria de Adultos

a) Modalidade semipresencial:

a. 1º, 2º, 3º, 4º ESA (1 grupo de cada nivel tanto no primeiro coma no segundo cuadrimestre).

b) Modalidade Presencial:

a. 1º ESA (1 grupo en horario matinal) e 3º ESA (tres grupos, dous en horario matinal e outro en horario de tarde) no primeiro cuadrimestre

b. 2º ESA (1 grupo en horario matinal) e 4º ESA (tres grupos, dous en horario matinal e outro en horario de tarde) no segundo cuadrimestre

- Bacharelato

c) 1º Bacharelato: 2 grupos (CC. e HH.CC.SS.)

d) 2º Bacharelato: 2 grupos (CC. e HH.CC.SS.)

- Ensinanzas Básicas Iniciais

e) Nivel I: 1 grupo

f) Nivel II: 1 grupo

g) Español e Galego para inmigrantes (catro grupos, dous en horario matutino e dous en horario de tarde)

- *Aula Mentor*

Características singulares

Como dicíamos anteriormente, o noso centro é o único na cidade, e mesmo na provincia, das nosas características, destinado en exclusiva ao ensino de persoas adultas. Isto provoca que, malia a estarmos situados nunha zona en concreto da cidade, a contorna non é un elemento relevante e o noso alumnado procede de toda a cidade e mesmo de vilas máis ou menos próximas.

Existe gran disparidade no nivel socioeconómico e cultural do noso alumnado. As motivacións máis frecuentes para decidiren iniciar ou retomar os seus estudos son as seguintes:

- No caso do alumnado de Ensinanzas Básicas Iniciais a motivación máis frecuente é acceder a unha formación básica da que, por un ou outro motivo, se viron privados durante a súa nenez e adolescencia. A media de idade destes homes e mulleres é alta e, en xeral, non proseguen os seus estudos.

- Os alumnos e alumnas matriculados en Español e Galego para Inmigrantes teñen como finalidade acadar competencia lingüística en castelán e, en menor medida, en lingua galega. En liñas xerais, o seu nivel cultural é baixo dado que moitos deles carecen de estudos tamén no seu país de orixe.

- O alumnado matriculado en Ensinanza Secundaria Obrigatoria na modalidade presencial presenta dous perfís e motivacións moi diferentes. Por unha banda, están os rapaces e rapazas que proceden do sistema ordinario e se matriculan para acadar a titulación de Ensinanza Secundaria Obrigatoria coa finalidade de acceder a un ciclo formativo de grao medio. Por outra banda, e dun xeito crecente nos últimos anos, debido seguramente á falta de emprego, están persoas adultas que deciden continuar os seus estudos, ben para promocionar no seu traballo, ben para poderen realizar un ciclo

formativo ou simplemente para mellorar o seu nivel cultural.

- O alumnado matriculado en Bacharelato ten dúas motivacións principais, ben acceder a un ciclo formativo superior, ben acadaren a titulación necesaria para presentarse a algún proceso selectivo de emprego convocado pola administración. Unha porcentaxe moi escasa preséntase ás Probas de Acceso á Universidade e continúan estudos universitarios.

A peculiaridade máis notable do centro desde o punto de vista organizativo e pedagóxico, é que se trata dun ensino presencial e semipresencial. Temos alumnado matriculado no mesmo módulo pero uns nun grupo presencial e outros no semipresencial cunha única sesión lectiva semanal por materia. Isto condiciona tanto a metodoloxía didáctica coma os , a temporalización ou os instrumentos de avaliación. Conleva que toda a programación docente en xeral da materia sexa diferente.

Outra notable peculiaridade do noso alumnado é que realmente, máis que estar matriculado dun curso completo, o está de módulos, podendo estar algúns deles en dous módulos distintos da mesma materia.

• Características do alumnado

Lingua materna dominante

Resulta difícil precisar este aspecto dun xeito rigoroso no centro, dada a irregularidade da asistencia ao mesmo e os cambios na matrícula entre o primeiro e o segundo cuadrimestre. Tendo en conta que a maior parte do alumnado procede de fóra de Galicia, os valores indícanse a favor do castelán en detrimento do galego. Por isto , da mostra enquisada nos cursos de ESA e Bacharelato, podemos extraer as seguintes conclusións:

- A perda progresiva do uso do galego a favor do castelán no referente ao uso habitual.
- A diminución do galego tamén no eido familiar, corroborándose a diminución do uso do galego a medida que o interlocutor é máis novo.
- Un uso ambivalente das dúas linguas na relación cos compañeiros de estudos ou traballo, co predominio do castelán nas relacións sociais con descoñecidos.
- A disparidade na valoración do galego desde o punto de vista xeracional
- O elevado número que non contesta cando é requirido sobre as razóns polas que non utiliza o galego, o que foi interpretado como síntoma das dificultades para exteriorizar os prexuízos.
- A valoración da idoneidade do galego como vehículo comunicativo e a non desvaloración con respecto á aprendizaxe de linguas estranxeiras.

Alumnado con NEAE no curso actual

Ata o momento non detectamos ningún caso.

Problemas sociais destacados

Unha das características do ensino de adultos, como ocorre no resto das ensinanzas especiais, é o elevado abandono escolar como maior problema, así como a adaptación do alumnado a moi diferentes ritmos de aprendizaxe. Alto índice de abandono escolar motivado, de seguro, polas necesidades destes homes e mulleres de atender a obrigas familiares e laborais.

Outro problema é a secuenciación dos estudos, de secundaria e posteriormente bacharelato ,en varios cursos académicos.

O número de poboación inmigrante no centro é moi elevado. Este alumnado está matriculado basicamente nos niveis de EBI e español e galego para inmigrantes, pero tamén se detecta unha porcentaxe importante nos niveis inferiores de ESA, nomeadamente no Nivel I e II. Moitos destes/as alumnos/as non dispoñen de estudos no seu

país de orixe; noutros casos, malia a telos, prefiren cursalos no centro no canto de enfrontarse ao complicado proceso de homologación de estudos. Noutros casos é alumnado do noso país que só posúe Graduado escolar ou ensino básico, que leva moito tempo sen estudar e que agora, tras pasar por unha mala situación laboral, deciden retomar os estudos para acadar, polo menos, a ESA.

Nos niveis de Bacharelato a porcentaxe de alumnado inmigrante é moito máis baixa, pero si detectamos bastantes casos de alumnos/as de orixe estranxeira, procedentes do sistema ordinario, que deciden retomar os seus estudos.

Os casos de violencia ou acoso escolar non son, ata o momento, significativos no noso centro.

2.2. Obxectivos

O obxectivo fundamental é desenvolver as competencias comunicativas das persoas adultas coa finalidade de posibilitarles unha inserción activa e responsable na sociedade e, asemade, contribuír ao seu desenvolvemento persoal.

O ámbito da comunicación participa no desenvolvemento das competencias claves de educación secundaria:

- Comunicación lingüística (CCL)

A aprendizaxe das habilidades lingüísticas e comunicativas garanten o manexo efectivo da comunicación no plano persoal, académico, social e profesional. O obxectivo último é a comprensión e expresión oral e escrita de diferentes tipos de textos de acordo coa intención e contexto comunicativos.

- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)

A linguaxe á asemade a base para a comprensión de termos e conceptos técnicos e o instrumento para desenvolver o razoamento lóxico matemático e o pensamento científico.

- Competencia dixital (CD)

A formación neste ámbito proporciona coñecementos sobre a linguaxe dixital básica e permite desenvolver as destrezas necesarias para o acceso e tratamento da información dixital e o manexo de aplicacións e outros recursos informáticos.

- Aprender a aprender (CAA)

O ámbito de comunicación capacita para realizar un proceso reflexivo de aprendizaxe por ser a linguaxe un instrumento necesario para pensar, planificar, analizar e reaxustar o proceso e avaliar o resultado. Amais, potencia a adquisición de técnicas de estudo básicas e de estratexias para unha aprendizaxe autónoma, eficaz e permanente ao longo da vida: uso de dicionario, elaboración de esquemas e mapas conceptuais e as habilidades de síntese e resumo de todo tipo de textos.

- Competencias sociais e cívicas (CSC)

Os contidos deste ámbito contribúen a desenvolver as destrezas lingüísticas e comunicativas necesarias para interpretar fenómenos e problemas sociais, para elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos, así como a capacidade de interactuar de maneira construtiva en diferentes contornos sociais e culturais, aplicando as normas sociolingüísticas para o intercambio comunicativo, inspirando confianza e amosando unha actitude respectuosa conforme a principios democráticos.

A ensinanza das linguas dentro deste ámbito debe contribuír á utilización e mellora de prácticas igualitarias no uso da linguaxe e á ampliación do repertorio lingüístico do alumnado, de maneira que poida desenvolverse con éxito en distintos contornos sociais.

- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

Este ámbito permite adquirir as competencias lingüísticas e comunicativas indispensables para xestionar os propios coñecementos, habilidades e actitudes de forma creativa e innovadora e con criterio propio.

Aprender a usar as linguas é aprender a utilizar estratexias adecuadas a cada situación comunicativa de maneira autónoma. Deste xeito, o desenvolvemento de habilidades lingüísticas contribúe ao fomento da autonomía e iniciativa persoal.

O obxectivo final é acadar a competencia lingüística do alumnado en ambas as dúas linguas, tanto a galega como a castelá.

Obxectivos xerais.

O Artigo 26 do *Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo de educación secundaria obrigatoria e bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia* establece para o ensino secundario que esta etapa contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

Obxectivos adaptados

Adaptando estes obxectivos xerais á nosa realidade educativa, prestaremos especial atención aos seguintes aspectos:

- Mellorar a competencia lingüística do alumnado nas dúas linguas oficiais da comunidade e nas linguas estranxeiras que se imparten no centro.
- Fomentar o interese dos alumnos e alumnas pola lectura como instrumento de aprendizaxe e fonte de pracer.
- Incrementar o interese pola aprendizaxe significativa.
- Fomentar o espírito crítico para o exercicio dunha cidadanía responsable.
- Contribuír ao desenvolvemento persoal do alumnado e impulsar hábitos de vida saudables.
- Fomentar o interese polos coñecementos de tipo científico.
- Asesorar o alumnado cara ás súas posibilidades formativas futuras

3.Secuenciación e temporalización dos contidos

O ámbito de comunicación preséntase, en cada un dos módulos, dividido en catro bloques:

O bloque 1 "Comunicación oral" atende ao uso oral das linguas galega e castelá. Nel procúrase que o alumnado adquira as habilidades necesarias para comunicar con precisión as súas propias ideas, realizar discursos elaborados de acordo cunha situación comunicativa, e escoitar activamente, interpretando de xeito correcto as ideas dos demais.

O bloque 2 "Gramática da lingua" responde á necesidade de reflexión sobre os mecanismos lingüísticos que regulan a comunicación, e afástase da pretensión de utilizar os coñecementos lingüísticos como un fin en si mesmos para devolverlles a súa funcionalidade orixinal: servir de base para o uso correcto da lingua.

O bloque 3 "Comunicación escrita" persegue que o alumnado sexa quen de entender e producir textos de distinto grao de complexidade e de xéneros diversos en distintos soportes e formatos, en galego e en castelán.

O bloque 4 "Educación literaria" asume o obxectivo de facer do alumnado lectores/as cultos/as e competentes, implicados/as nun proceso de formación lectora que continúe ao longo de toda a vida. É un marco conceptual que alterna a lectura, a comprensión e a interpretación de obras literarias próximas aos seus gustos persoais e á súa madureza cognitiva, coa de textos literarios e obras completas representativas da literatura e galego e castelán.

Á hora de temporalizar os contidos hai que ter en conta que no estudo dunha lingua hai bloques que se traballarán ao longo de todo o módulo. Será un traballo continuo de varias destrezas. É o caso do bloque de Comunicación oral (onde o alumnado participará en debates, fará exposicións, etc.), bloque de Comunicación escrita (onde producirá traballos escritos, documentos, textos, etc.) do bloque da Sociolingüística onde deberá mostrar valoración e actitude positivas ou favorables cara á lingua e ós seus falantes; así como o bloque catro onde deberán ler lecturas complementarias de textos, fragmentos e obras completas en todas as avaliacións.

Ademais, cómpre salientar que na modalidade de ensino semipresencial resulta imposible dedicar mesmo unha sesión a cada un dos estándares de aprendizaxe, dedicándolle moitas das veces media ou un cuarto da mesma.

Contidos 1º ESA

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Referencia Libro texto/un.Did	Temporalización		
	Tema / U.D.	Bloque	Contido		Mes	Sesións	
1ª Avaliac.	1	B1	BLOQUE 1-3-5				
		B1.2	Identificación e selección das informacións adecuadas ao obxectivo da escoita.	1	Setem./ Out	20 Ses.	(Todo mód.)
		B1.3	Exposición oral de temas relacionados coa actividade académica ou outros feitos de interese.				
		B1.4	Coñecemento e utilización de medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e a comunicación como apoio ás producións.				
		B1.5	Articulación clara, pronuncia adecuada e uso correcto das regras gramaticais na produción de textos orais curtos.				
		B1.6	Valoración das producións orais emitidas cunha fonética e prosodia correcta.				
		B1.7	Participación activa en diálogos, debates e traballos de grupo cooperando e respectando o resto dos compoñentes.				
		B1.8	Desenvolvemento de actitudes críticas ante os usos lingüísticos nos que están implícitos prexuízos de todo tipo				
		B1.9	Actitude positiva e activa respecto á utilización da lingua galega nos intercambios orais.				
		B1.10	Coñecemento e aplicación de estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso, prácticas orais formais e informais.				
		B1.11	Construción de discursos adecuados, cohesionados e coherentes desde o punto de vista comunicativo, sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e educativa.				
		B1.12	Lectura en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa, aos patróns fonéticos do galego e aos signos de puntuación				
		B3.4	Recoñecemento do sistema vocálico e consonántico da lingua galega. Coñecemento e produción dos sons propios da nosa lingua.				
		B 3.6	Recoñecemento e uso das normas ortográficas				
		B 3.7	Recoñecemento da separación en sílabas da palabra. Ditongo. Tritongo. Hiato.				
		B 3.8	Iniciación ao uso de correctores ortográficos dos procesadores de texto.				
B 5.2	Lectura comentada de contos, relatos breves, mitos e lendas da nosa cultura, recoñecendo os elementos básicos do relato literario e a súa función.						

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Referencia Libro texto/un.Did	Temporalización		
	Tema /U.D.	Bloque	Contido		Mes	Sesións	
1ª Avaliac.		B2	BLOQUE 2:				
		B1.1	Comprensión e interpretación de textos orais dos medios de comunicación, de situacións da vida cotiá e da vida académica.	2	Out/ Nov	28 ses	
		B2.1	Comprensión e interpretación das informacións máis relevantes de textos escritos da vida cotiá e dos medios de comunicación próximos aos intereses do alumnado.				
		B2.2	Comprensión e interpretación de textos narrativos				
		B 2.3	Comprensión e interpretación de textos xornalísticos. A noticia.				
		B2.4	Comprensión e interpretación de textos anuncios publicitarios.				
		B2.5	Identificación da estrutura comunicativa das mensaxes escritas.				
		B2.6	Análise pautada, síntese do contido, de textos escritos, formato papel ou dixital, para a identificación das ideas principais e secundarias.				
		B2.7	Utilización de estratexias para a planificación da escrita de textos sobre temas de interese persoal: buscar e desenvolver ideas, organizalas, facer unha primeira redacción, corrixir, reelaborar o texto e preparar a redacción definitiva, tanto en papel coma en soporte dixital.				
		B2.8	Busca do significado do léxico descoñecido. Promovendo o uso de dicionarios en papel ou dixitais.				
		B2.10	Produción en formato papel ou dixital, de textos escritos da vida cotiá.				
		B2.11	Produción en formato papel ou dixital, de textos escritos propios da vida académica.				
		B2.12	Produción en formato papel ou dixital, de textos xornalísticos. A noticia.				
		B 2.13	Produción en formato papel ou dixital, de textos narrativos.				
	B 4.6	Desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de normalización da lingua galega, favorecendo o xurdimento de vínculos positivos cara o seu uso e consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado do idioma galego.					

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Referencia Libro texto/un.Did	Temporalización		
	Tema	Bloque	Contido		Mes	Sesións	

2ª Avaliac.	/ U.D.	B2	BLOQUE 2-3-4-5								
	3	B2.15	Identificación e selección das informacións adecuadas ao obxectivo da escoita.	3	Nov/ Dec	22 Ses.	(Todo módulo)				
	B 3.2	Elementos e funcións da comunicación en situacións formais e informais.									
	B3.5	Recoñecemento do parágrafo como unidade de sentido e da puntuación como mecanismo organizador do texto escrito.									
	B3.9	Recoñecemento das categorías gramaticais: substantivo, adxectivo, determinantes, pronomes persoais tónicos.									
	B4.1	Valoración das linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo.									
	B4.2.	O plurilingüismo: riqueza cultural individual e comunitaria.									
	B4.3	As linguas do Estado Español.									
	B4.5	Análise da situación sociolingüística do seu ámbito									
	B5.1	Lectura autónoma ou guiada de obras de literatura adecuadas aos intereses do alumnado, expondo a súa opinión persoal e relacionando o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos, e asimila os trazos estéticos xerais que definen cada textos.									
	B5.5	Diferenciación dos grandes xéneros literarios e recoñecemento das súas características a partir da lectura.									
	B5.7	Produción, previa planificación, de textos con intención literaria									
	B 5.8	Coñecemento e uso de estratexias e técnicas que axuden a analizar e interpretar o texto literario antes, durante e despois da lectura.									
	B5.9	Audición e recitado de poemas									
	B2..16	Exposición oral de temas relacionados coa actividade académica ou outros feitos de interese.									
	B2.17	Coñecemento e utilización de medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e a comunicación como apoio ás producións.									
	B2.18	Articulación clara, pronuncia adecuada e uso correcto das regras gramaticais na produción de textos orais curtos.									
	B2.19	Valoración das producións orais emitidas cunha fonética e prosodia correcta.									
	B2.20	Participación activa en diálogos, debates e traballos de grupo cooperando e respectando o resto dos compoñentes.									
		B 5.6	Aprecio da literatura oral como medio de transmisión cultural e como elemento da identidade cultural.								

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Referencia Libro texto/un.Did	Temporalización		
	Tema / U.D.	Bloque	Contido		Mes	Sesións	
2ª Avaliac.	B3	BLOQUE 2-3-4-5					

		B2.9	Utilización das bibliotecas e das TICS como fonte de información e de modelos para a comprensión escrita				
		B 2.14	Uso de técnicas de tratamento textual coas TIC (procesadores de texto, dicionarios, correctores...) tanto na planificación como para a revisión e mellora do texto.				
		B3.1	Observación de diferenzas relevantes, contextuais e formais, entre a comunicación oral e escrita e entre os usos coloquiais e formais, tendo en conta o papel que desenvolven as normas sociocomunicativas e a linguaxe prosódica e a non verbal na comunicación oral.				
		B3.3	Adecuación dos textos aos rexistros coloquial ou formal, segundo o requira a situación comunicativa da mensaxe.				
		B3.10	Comprensión e utilización de estratexias para inducir as regras de concordancia e as funcións sintácticas de suxeito e predicado.				
		B3.11	Comprensión e utilización dunha terminoloxía lingüística básica				
		B3.12	Coñecemento de expresións e vocabulario de uso frecuente, referido a obxectos da contorna inmediata, situacións e actividades cotiás, necesidades básicas.				
	4	B3.13	Coñecemento, construción e utilización de oracións simples: enunciativa, interrogativa, desiderativa, dubitativa exclamativa e imperativa	4	Dec/ Xan/ Feb	24 Ses.	
		B3.14	Coñecemento reflexivo das relacións semánticas que se establecen entre as palabras. Recoñecemento da sinonimia, a antonimia e polisemia.				
		B4.4	O galego e o portugués.				
		B5.3	Lectura comentada e dramatizada de obras de teatro ou fragmentos, recoñecendo os aspectos formais do texto teatral.				
		B 5.4	Lectura, análise e uso doutras linguaxes estéticas: o cómic...				
		B5.7	Produción, previa planificación, de textos con intención literaria.				
		B5.10	Utilización dirixida da biblioteca escolar, das bibliotecas municipais, bibliotecas virtuais e webs para o fomento e orientación da lectura.				
		B5.11	Desenvolvemento progresivo da autonomía lectora e da consideración da lectura como fonte de coñecemento do mundo e da persoa.				
		B5.12	Valora a lectura como fonte de pracer				

CONTIDOS 2º ESA

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Referencia Libro texto/un.Did	Temporalización		
	Tema /U.D.	Bloque	Contido		Mes	Sesións	
1ª Avaliac.	1	B1	BLOQUE 1	1	Febr./ Marz	24 Ses.	Todo mód
		B 1.1	Comprensión e interpretación e resumo de novas de actualidade e de informacións de crónicas, reportaxes e documentais procedentes dos medios de comunicación audiovisual.				
		B1.2	Participación activa en situacións de comunicación características das diferentes tarefas curriculares, especialmente para a organización e xestión das actividades de aprendizaxe, na busca e achega de información, na petición de aclaracións.				
		B1.3	Valoración da interacción como medio para ir tendo consciencia dos coñecementos e das ideas e para a regulación dos procesos de comprensión e expresión propios de todo proceso de aprendizaxe, tanto en actividades individuais coma no traballo cooperativo.				
		B1.4	Coñecemento das diferentes estratexias comunicativas que axudan ao inicio, desenvolvemento e finalización das interaccións.				
		B1.5	Identificación e selección das informacións adecuadas ao obxectivo da escoita, cooperación e respecto ante as intervencións dos demais e valoración das diferentes informacións.				
		B1.6	Coñecemento dos diversos medios de rexistro de información (táboas, gráficos, esquemas...) no proceso de escoita.				
		B1.7	Recoñecemento da intencionalidade do/a emisor/a a partir dos elementos contextuais explícitos nos textos traballados.				
		B1.8	Coñecemento e aplicación de medios audiovisuais e TICs como apoio ás súas producións.				
		B1.9	Activación dos coñecementos lingüísticos formais desenvolvidos en calquera lingua para favorecer a comprensión e produción dos textos orais noutras linguas.				
		B1.10.	Uso consciente dos elementos paraverbais e non verbais na intervención oral planificada.				
		B1.11	Interese por expresarse oralmente con pronunciación e entoación adecuadas, respectando as normas que rexen a interacción oral e aplicando as normas sociocomunicativas				
		B1.12.	Actitude positiva e activa respecto á utilización da lingua galega nos intercambios orais.				
		B1.13.	Valoración das normas de cortesía e dos marcadores lingüísticos das relacións sociais coma o uso e selección de formas de tratamento , convencións no emprego da palabra e estratexias de interacción.				
		B1.14.	Construción de discursos adecuados, cohesionados e coherentes desde o punto de vista comunicativo, sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e educativa.				
B1.15.	Lectura en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa, aos patróns fonéticos do galego e aos signos de puntuación.						

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Referencia Libro texto/un.Did	Temporalización		
	Tema / U.D.	Bloque	Contido		Mes	Sesiós	
1ª Avaliac.	2	B2	BLOQUE 2				
		B 2.1	Comprensión e interpretación de textos descriptivos.	2	Marz / abril	24 Ses.	
	B2.2	Comprensión e interpretación de textos xornalísticos. A reportaxe, artigos de opinión, editoriais.					
	B2.3	Comprensión e interpretación de textos dialogados.					
	B2.4	Utilización de estratexias para a planificación da escrita de textos sobre temas de interese persoal: buscar e desenvolver ideas, organizalas,					
	B2.5	Busca do significado do léxico descoñecido. Promovendo o uso de dicionarios en papel ou dixitais					
	B2.6	Utilización das bibliotecas e das TICS como fonte de información e de modelos para a comprensión escrita.					
	B2.7	Producción en formato papel ou dixital, de textos xornalísticos. A reportaxe, artigos de opinión, editorial					
	B2.8	Producción en formato papel ou dixital, de textos descriptivos.					
	B2.9	Producción en formato papel ou dixital, de textos dialogados.					
	B2.10.	Elaboración dun cómic, previa comprensión da función e das características dos elementos icónicos.					
	B2.11	Uso de técnicas de tratamento textual coas TIC (procesadores de texto, dicionarios, correctores...) tanto na planificación como para a revisión e mellora do texto.					
	B2.12.	Interese pola presentación dos textos escritos tanto en soporte papel como dixital, con respecto ás normas gramaticais, ortográficas e tipográficas utilizadas.					
	B2.13.	Valoración da escrita como fonte de información e aprendizaxe, como forma de comunicar experiencias, ideas, opinións e coñecementos propios.					
	B2.14.	Actitude positiva e activa respecto da utilización da lingua galega nos textos escritos.					
B2.15.	Uso guiado de estratexias de autoavaliación e autocorrección do proceso de realización e dos resultados das producións orais e escritas.						

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Referencia Libro texto/un.Did	Temporalización		
	Tema /U.D.	Bloque	Contido		Mes	Sesións	
2ª Avaliac.	3	B3	BLOQUE 3	3	Abril/ Maio	22 Ses.	
		B 3.1	Observación de diferenzas relevantes, contextuais e formais, entre a comunicación oral e escrita e entre os usos coloquiais e formais, tendo en conta o papel que desenvolven as normas sociocomunicativas e a linguaxe prosódica e a non verbal na comunicación oral.				
	B3.2	Coñecemento da fonética e a fonoloxía da lingua galega, con especial atención ás posíbeis interferencias					
	B3.3	Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas.					
	B3.4	Análise e uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión textual					
	B3.5	Uso de correctores ortográficos dos procesadores de texto.					
	B3.6	Recoñecemento das categorías gramaticais: pronomes persoais átonos, verbo, preposición, adverbio e conxunción					
	B3.7	Comprensión e utilización de estratexias para inducir as regras de concordancia e as funcións sintácticas de suxeito e predicado.					
	B3.8	Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula					
	B3.10.	Relacións semánticas. O campo semántico. Familias léxicas					
	B3.11	Comprensión e interpretación dos compoñentes do significado das palabras: denotación e connotación.					
	B3.12.	Recoñecemento que cada lingua ten un funcionamento propio e que non sempre hai un paralelismo entre si na ortografía, morfosintaxe e semántica.					
	B3.13.	Recoñecemento, uso e explicación dos nexos e conectores textuais (espaciais, temporais, de oposición e de contraste) e dos principais mecanismos de referencia interna, tanto gramaticais coma léxicos.					
	B3.14.	Uso guiado de estratexias de autoavaliación					

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Referencia Libro texto/un.Did	Temporalización		
	Tema /U.D.	Bloque	Contido		Mes	Sesións	
2ª Avaliac.	4	B4	BLOQUE 4-5				
		B 4.1	Coñecemento das orixes históricas da realidade plurilingüe de España, e valoración como fonte de enriquecemento persoal e como mostra da riqueza do noso patrimonio histórico e cultural.	4	Maio / xuño	22 Ses.	
		B4.2	Diversidade lingüística no mundo, en Europa e na Península Ibérica				
		B4.3	Coñece e valora as variedades da lingua castelá na Península Ibérica.				
		B4.4	Coñece a situación da lingua castelá en Sudamérica				
		B4.5	Valoración da lingua e da comunicación como o medio para a comprensión doutros mundos e culturas e da propia persoa; para participar na sociedade plural e diversa do S. XXI.				
		B5.1	Lectura regular de obras literarias.				
		B5.2	Valoración do uso dos elementos propios de cada xénero literario, o punto de vista empregado e o uso estético da linguaxe.				
		B5.3	Lectura expresiva e comprensiva e audición de poemas recitados ou cantados; determinación do tema principal, a estrutura xeral e os principais recursos estilísticos.				
		B5.4	Lectura expresiva e comprensiva de textos narrativos breves e localización e descrición dos elementos estruturais e formais máis salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais.				
		B5.5.	Lectura dramatizada e comprensiva, visionado de pezas teatrais e recoñecemento dos compoñentes e procedementos que caracterizan os subxéneros				
		B5.6	Visionado, análise e uso doutras linguaxes estéticas: o cine.				
		B5.7	Comparación de textos pertencentes a diferentes xéneros e subxéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais.				
		B5.8	Análise de textos literarios, identificación dos trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos.				
B5.9	Produción, previa planificación, de valoracións persoais sobre o texto lido.						
B5.10.	Produción de textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula						
B5.11	Aproveitamento, baixo guía, dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a realización de traballos e cita axeitada destes.						
B5.12	Valoración da lectura como fonte de pracer				Todo mód		

CONTIDOS 3º ESA

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS			Referencia Libro texto/un.Did	Temporalización		
	Tema / U.D.	Bloque	Contido		Mes	Sesións	
1ª Avaliac.	1	B1	BLOQUE 1	1	Set/ Outu	15 ses.	
		B 1.2	Desenvolvemento de habilidades de escoita cunha actitude de interese, cooperación e respecto.				
		B1.3	Valoración das producións orais emitidas cunha fonética galega correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.				
		B1.4	Coñecemento, uso e aplicación de técnicas e estratexias necesarias para falar en público				
		B1.6	Coñecemento e aplicación, con axuda das TIC, de técnicas e estratexias para a produción de textos orais sobre temas de actualidade.				
		B1.7	Participación activa e argumentada en debates nos que se expresen opinións acerca dun tema de actualidade				
		B1.8	Valoración da lingua oral como un instrumento de aprendizaxe e de relación social				
		B3.1	Coñecemento, aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas das linguas galega e castelá.				
		B3.2	Análise e uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión sintáctica e textual.				
		B3.3	Análise e uso reflexivo da acentuación, especialmente a diacrítica.				

Avaliación	UNIDADES DIDÁCTICAS	Referencia	Temporalización
------------	---------------------	------------	-----------------

2ª Avaliac.	/U.D.	B3	BLOQUE 3				
	3	B 3.4	Recoñecemento e identificación das categorías gramaticais	3	Nov/Dece	22 ses.	
		B3.5	Recoñecemento da estrutura de substantivos, adxectivos e verbos e da súa caracterización morfolóxica para a mellora da comprensión e produción textuais.				
		B3.6	Coñecemento, tipoloxía e caracterización dos determinantes.				
		B3.7	Coñecemento, caracterización e tipoloxía dos pronomes				
		B3.8	Coñecemento, caracterización e tipoloxía do adverbio e das locucións adverbiais.				
